

PROPOSTA DE TRABALLO PARA ESTA SEMANA (14 ABRIL AO 17 DE ABRIL)

ETAPA: Educación Infantil (3 anos)

RECOMENDACIÓNS:

Aquí especificamos unha serie de actividades que vos poden servir de guía durante estes días que hai que permanecer na casa. Son actividades que podedes organizar e adaptar ás vosas posibilidades de material, tempo, etc.

ACTIVIDADES:

ESCOITAMOS O CONTO “¿DE QUÉ COLOR ES UN BESO?”.

<https://www.youtube.com/watch?v=3F8cWcGaHJc>

Despois de escoitar o conto podemos facer unhas actividades de **expresión oral**:

- Preguntar quen é a protagonista do conto, como se chama, como é, que lle gusta..quen aparece máis?
- Minimoni cóntanos que cousas lle gusta facer e que cousas vos gustan facer a vós? Que cousas vos gustan dos demais membros da familia? Isto pódese facer todos xuntos e pode acabar cunha “ sesión de abrazos, bicos ou guerra de cóxegas, que sempre senta moi ben”.
- Minimoni era a encargada de regar as plantas do balcón. E vós peques, de que sodes encargados na vosa casa? Se non tedes un encargo, podemos falalo en familia para que a partir de agora o peque teña unha responsabilidade e pode ser a seguinte:

Podemos facer un **experimento** con sementes de lentellas, garavanzos e fabas.

1. Poñemos algodón nun tarro de cristal.
2. Colocamos as sementes.
3. Poñemos un pouco algodón encima e regamos (podemos facer unha extra e que non regaremos e que meteremos dentro dun armario, para despois ver que pasa)
4. Podemos etiquetalas con axuda dos adultos.
5. Apuntamos no calendario o día que as puxemos para despois cal saíu antes, cantos días tardaron, etc.



Podemos ver na seguinte ligazón un vídeo sobre o proceso de crecemento dunha planta e despois facer a ficha do anexo 1.

https://www.youtube.com/watch?v=nsbrqUGMN_4

Unha das plantas que aparece no conto é un xirasol, así que tamén adxuntei o anexo 2 onde poden ordear por tamaño os seguintes xirasois.

- Neste conto aparecen moitos adxectivos (dulce, fría, rápida, etc) e podemos repasar os contrarios. Para elo tedes aquí o ligazón:

https://www.orientacionandujar.es/wp-content/uploads/2013/05/Contrarios_1.pdf

E posteriormente oralmente poden relacionar os contrarios que aparecen nas fichas do anexo 3.

E PROPOÑO 3 RETOS PARA ESTA SEMANA:

RETO Nº1:

BUSCAR POLA CASA...

1 OBXECTO LONGO

1 OBXECTO CURTO

1 OBXECTO PEQUEÑO

1 OBXECTO GRANDE

1 OBXECTO VACÍO

1 OBXECTO CHEO

E DESPOIS MANDAR A FOTO CO LETREIRO TIPO ESTO. OS CONTRARIOS PODEN SER ESTES PERO TAMÉN PODEN SER OUTROS QUE VÓS QUEIRADES.



RETO Nº2 :

E xa que andamos rebuscando cousiñas pola casa, a protagonista deste conto chamábase Mónica coma min e compuxen o meu nome con cousiñas que temos na casa. Animádevos a mandar as vosas composicións! Serviravos para analizar de novo o nome, cantas letras ten, por cal empeza, podémolo repasar por encima, escribilo...



RETO Nº3 :


Neste bonito conto fala de bicos e bicos e hai un fermoso cadro de Gustav Klimt que se chama “El beso” e podemos convertirnos en artistas e facer os nosos propios cadros. Unha idea pode ser colorear o marco en branco que vos proporciono e despois pegar unha foto dun bico e decorala.






Pero tamén se pode escenificar e facer unha foto. Venga, ánimo artistas!

ANEXO 1. Poden pintar as catro secuencias do crecemento dunha planta e despois recortala ou picala (non sei os recursos cos que contades) e despois pegalas por orde nas casillas de abaixo.



1	2	3	4
---	---	---	---

ANEXO 2. Podem colorear, recortar e depois ordear de menor a maior ou de maior a menor.



ANEXO 3. RELACIONA CONTRARIOS.



y





y

